



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(representante das CMVMC da provincia)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE SAN SALVADOR DE
BUDIÑO**

José Luis Martínez Rodríguez
José Carlos Saa Amaro

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria
adscrita ao Servizo Xurídico
Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 26/03/2019 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda María Victoria Moreno o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “Casal e outros”, solicitados a favor dos veciños da CMVMC de San Salvador de Budiño, da parroquia de San Salvador de Budiño (O Porriño)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Con data de entrada 29/07/2014, José Luís Martínez Rodríguez, en condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de San Salvador de Budiño, pertencente ao Concello do Porriño, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación dos montes “Casal e outros”, cun total de 13 parcelas, acompañada dun informe pericial.

O 18/08/2014 o Servizo de Montes indica á secretaria do Xurado de Montes Veciñais que a planimetría presentada é suficiente e que algunhas parcelas solicitadas afectan a outras parcelas catastrais. Sobre a clasificación anterior, infórmase que segundo o esbozo da carpeta-ficha, as parcelas “A Lagoa” e “Tomadiñas” están incluídas na parcela “Gándaras de Prado” xa clasificada, a parcela “Pozo Negro” ten clasificado o 40% da superficie na citada parcela “Gándaras de Prado” e a parcela “Trapa” ten incluído o 40% da superficie na parcela “Trapa” xa clasificada. As demais parcelas non están clasificadas.

O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, na súa sesión de 30/06/2015, incoar o correspondente expediente de clasificación dos montes "Casal e outros" solicitados pola Comunidade de Montes de Budiño.

O 03/02/2016 o Servizo de Montes remite o informe preceptivo, no que indica que a maioría das parcelas teñen un uso social ou recreativo para uso dos veciños e co mantemento realizado pola Comunidade de Montes.

O 23/01/2017 emite nota informativa o Rexistro da Propiedade de Tui, na que se fai constar que non figura inscrita ningunha das parcelas coa descrición achegada.

Con data 14/02/2017 solicítase do Rexistrador da Propiedade de Tui inscrición preventiva das parcelas obxecto do expediente, cumpríndose o requirido con data 10 de marzo.

O Diario Oficial de Galicia de 28/02/2017 publica o anuncio do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra notificando o inicio da tramitación do expediente e abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

SEGUNDO.- Durante o tramite de audiencia, o Concello do Porriño remite notificación da Alcaldesa de ter sido realizada a exposición pública do edicto de incoación do expediente de clasificación das devanditas parcelas sen que se teña producido alegación algunha.

TERCEIRO.- Á vista da documentación aportada pola Comunidade de Montes de Budiño e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente teñen a seguinte descrición:

Concello: O Porriño

Parroquia: San Salvador de Budiño

1.- Nome do monte: Casal.

Cabida: 11.174,00 m² (superficie alegada na solicitude)

Extremas:

Norte: Rocas Europea de Construcción SA e Estrellas Romero Caballero.

Sur: Centro Tecnológico de Automoción de Galicia.

Leste: María Luísa Pérez Páramos, Estrellas Romero Caballero e estrada.

Oeste: zona deportiva do polígono industrial da Granxa.

2.- Nome do monte: A Lagoa.

Cabida: 13.907,00 m² (superficie alegada na solicitude).

Extremas:

Norte: Xial SA.

Sur: José Besada González, Aníbal Represas Castro, Bárbara Oliveira Besada, Carmen González Rodríguez e Feliciano Besada González.

Leste: camiño público, Severino Guisande Gonzalez e Hortensio Guisande López.

Oeste: camiño.

3.- Nome do monte: Pozo Negro.

Cabida: 10.168,00 m² (superficie alegada na solicitude).

Extremas:

Norte: estrada, M^a Josefa Fernández Fernández, e Jesusa Alonso Pereiro.

Sur: José Pérez González e outros.

Leste: camiño.

Oeste: estrada e M^a Josefa Fernández Fernández.

4.- Nome do monte: Picouzo.

Cabida: 1.025,00 m² (superficie alegada na solicitude)

Extremas:

Norte: estrada.



Sur: estrada.
Leste: estrada.
Oeste: Cristina Correa Sanjuán e Sonia Correa Sanjuán.

5.- Nome do monte: Trapa.

Cabida: 21.384,00 m² (superficie alegada na solicitude).
Extremas:
Norte: Casilda Estévez Pérez e outros.
Sur: estrada.
Leste: Manuel Alonso Domínguez e outros.
Oeste: Ignacio Cabaleiro Fernández e estrada.

6.- Nome do monte: Cerquido ou Torreiro do Cerquido.

Cabida: 5.135,00 m² (superficie alegada na solicitude).
Extremas:
Norte: camiño e Antonio Toucedo Gómez.
Sur: Baldomero Fernández Castiñeira.
Leste: Manuel Estévez Besada e outros, e camiño.
Oeste: camiño público.

7.- Nome do monte: Cruz.

Cabida: 1.134,00 m² (superficie alegada na solicitude).
Extremas:
Norte: camiño público.
Sur: estrada.
Leste: camiño.
Oeste: Hermosinda Alonso Vila e outros.

8.- Nome do monte: Gándaras de Prado ou Reloas.

Cabida: 11.685,00 m² (superficie alegada na solicitude).
Extremas:
Norte: estrada.
Sur: Grupimar S.A.
Leste: camiño público.
Oeste: estrada.

9.- Nome do monte: Muíño do Vento ou Moreiras.

Cabida: 10.309,00 m² (superficie alegada na solicitude).
Extremas:
Norte: estrada.
Sur: camiño.
Leste: Amador Fernández Pérez e outros.
Oeste: Concepción Pérez Besada e outros.

10.- Nome do monte: Picouzo.

Cabida: 724,00 m² (superficie alegada na solicitude).
Extremas:
Norte: estrada.
Sur: estrada.
Leste: Ángel Vila Lemos
Oeste: estrada.

11.- Nome do monte: Coto de Labradelas ou Fonteiriñas.

Cabida: 1.490,00 m² (superficie alegada na solicitude).
Extremas:
Norte: José Domínguez Amil e outros.
Sur: estrada.
Leste: José Domínguez Amil.

Oeste: estrada.

12.- Nome do monte: Tomadiñas ou Gándaras de Prado.

Cabida: 1.267,00 m² (superficie alegada na solicitude).

Extremas:

Norte: estrada.

Sur: Primitivo Guisande Alonso.

Leste: estrada.

Oeste: estrada.

13.- Nome do monte: A Brava ou Trapa.

Cabida: 13.983,00 m² (superficie alegada na solicitude).

Extremas:

Norte: descoñecido.

Sur: José Pérez Alonso e outros.

Leste: Liña do termo municipal entre O Porriño e Salceda de Caselas.

Oeste: camiño.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

A isto debe engadirse, como ben sinala para casos análogos o Xulgado Contencioso-Administrativo N°3 de Pontevedra, en sentenza de 29 de xuño de 2009:

"La función del Jurado Provincial es la de comprobar la existencia o no de un aprovechamiento consuetudinario comunal en los términos indicados en el artículo 1 de la Ley 13/89, lo cual excluye de su examen cuestiones de propiedad, reservadas a la jurisdicción ordinaria y que no obstan a la clasificación del MVMC.

Tampoco es obstáculo a tal fin que el monte figure incluido, a nombre de otras personas o entidades, en catálogos, inventarios o registros públicos, salvo que dicha inclusión sea consecuencia de una sentencia dictada en juicio declarativo (Stc. de TSX de Galicia de 8 de mayo 2008, donde se reproduce con claridad la doctrina del TS que define como única razón válida para la clasificación la constante posesión continuada del aprovechamiento de los montes por los vecinos de forma mancomunada, sin que frente a este estado posesorio de los aprovechamientos del monte, no necesariamente forestales, puedan prevalecer los actos de disposición de los mismos siquiera hayan tenido acceso al Registro de la Propiedad..."



Sobre os tipos de aproveitamento, este ha de entenderse en sentido amplo no referido aos usos posibles, que poden ser variados e distintos en cada momento e parcela. A xurisprudencia establecida así o aclara. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través da Sala do Contencioso-Administrativo, en sentenza nº 1239/2002 establece que

“...a Ley 13/89 di que os montes veciñais sono con independencia das súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria. Por iso o feito de que o uso actual principal da parcela litixiosa non sexa agrícola, forestal ou gandeiro, senón recreativo, non é obstáculo para a súa clasificación como monte veciñal...”.

E a doutrina emanada da Tribunal Supremo, a través da súa Sala Contencioso-Administrativa, é clara cando xa en sentenza do 22 de febreiro de 1988 establece que *“...la Abogacía del Estado presenta, como primera causa de oposición, la de aplicar el concepto de monte a los terrenos que se reclaman como vecinales; cuestión esta que no puede resolverse ante los conceptos que se explican en las disposiciones legales, por cuanto se observa que tanto la Ley de Montes como su Reglamento, o las Leyes de Montes Vecinales en Mano Común de 1968 o la vigente de 1980 atienden en sentido primordial al aprovechamiento forestal, respondiendo a una política aneja de protección del monte y al cultivador desde el punto de vista de la repoblación forestal, criterio este que, en relación al ámbito específico del monte vecinal en mano común, característico de Galicia, fue superado por la Jurisprudencia en atención a sus características consuetudinarias, en el sentido de estimar que el monte no sólo podía tener una finalidad forestal..., deduciéndose de ello que ese criterio jurisprudencial ha sido aplicado por los Jurados Provinciales con un sentido amplio, atendiendo a la explotación y el aprovechamiento por el común de los vecinos e interpretando la Ley conforme indica el Código Civil en su artículo 3º, en atención a las circunstancias de tiempo y lugar.”*

Terceiro.- Sobre o uso actual, a Comunidade de Montes de Budiño ten presentado un informe pericial cun reportaxe fotográfico no que se aprecia que a maioría das parcelas teñen uso social, cultural e/ou deportivo: parques con mesas, zonas de lecer, campos deportivos, centros sociais, etc. A construción destes equipamentos foi realizada pola comunidade de montes, que tamén realiza o mantemento actual dos mesmos. O informe preceptivo do Servizo de montes ratifica esta situación con expresións como que *“...a roza e o mantemento da finca corre a cargo da comunidade de montes...”*, ou que *“...o mantemento da parcela e as súas instalacións o realiza a comunidade de montes...”*.

O Concello de O Porriño non presentou alegacións á clasificación das parcelas, malia a ter solicitado e recibido copia do expediente, o que supón implicitamente o recoñecemento do carácter veciñal por parte do Concello dos terreos obxecto do expediente.

Polo exposto, dedúcese que nos terreos que se pretenden clasificar existe unha utilización periódica veciñal nos termos aplicables do artigo 1 da Lei 13/89 por parte da CMVMC de San Salvador de Budiño.

Cuarto.- As parcelas números 2 (A Lagoa) e 12 (Tomadiñas ou Gándaras de Prado) deben ser excluídas do expediente por estaren xa clasificadas, ao formar parte do monte xa clasificado coa denominación de “Gándaras de Prado”. As parcelas número 3 (Pozo negro) e 5 (Trapa) teñen un 40% da súa superficie xa clasificada por estaren incluídas nas parcelas xa clasificadas de “Gándaras de Prado” e “Trapa” respectivamente, pero dadas as imprecisións observadas nos esbozos das carpetas ficha, a prudencia aconsella clasificalas na súa totalidade sen menoscabo de que un deslinde posterior destas parcelas estableza a configuración final das mesmas. A Parcela nº 5 (Trapa) debe ser clasificada en dúas parcelas para excluír un vial asfaltado que a atravesa. Finalmente, e dado que xa hai clasificados a prol da Comunidade de Montes de San Salvador de Budiño uns montes denominados “Gándara de Prado” e “Trapa”, para evitar a

confusión de parcelas co mesmo nome, considérase necesario renomear as parcelas 3 (Pozo negro ou Gándaras de Prado), 5 (Trapa), 8 (Gándaras de Prado ou Reloas) e 13 (A Brava ou Trapa) como "Pozo negro", "Trapa 2", "Reloas" e "A Brava" respectivamente. Do mesmo xeito e dado que as parcelas 4 e 10 reciben o mesmo nome (Picouzo) renoméanse como Picouzo 1 e 2 respectivamente.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, o instructor, en uso das facultades que ten conferidas, propón, e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros: **CLASIFICAR** como veciñais en man común as parcelas denominadas **Casal, Pozo Negro, Picouzo 1, Trapa 2, Cerquido ou Torreiro do Cerquido, Cruz, Reloas, Muíño do Vento ou Moreiras, Picouzo 2, Coto de Labradelas ou Fonteiríñas e A Brava**, a prol da CMVMC de San Salvador de Budiño (O Porriño) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución, e **NON CLASIFICAR** como veciñais en man común as parcelas denominadas **A Lagoa e Tomadiñas** por estaren xa clasificadas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



531000

532000

533000

534000

4662000

4661000

4662000

4661000



Monte	Cabida
Casal	11.174 m ²
Pozo Negro	10.168 m ²
Picouzo 1	1.025 m ²
Trapa 2	21.384 m ²
Cerquido	5.135 m ²
Cruz	1.134 m ²
Reolas	11.685 m ²
Muiño do vento	10.309 m ²
Picouzo 2	724 m ²
Coto de Labradelas	1.490 m ²
A Brava	13.983 m ²

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 1 de 11 : Vista Xeral

Pontevedra Escala 1:10.000 (etrs-89) Marzo - 2019

531000

532000

533000

534000

[Handwritten signatures and official stamps]

531400 531600 531800 532000

4661600

4661400

4661200

4661600

4661400

4661200

Polígono Industrial das Gándaras

11.174 m²

San Brais

Centro Tecnolóxico da automoción

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA


Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 2 de 11 : CASAL

Pontevedra Escala 1:2.000 (etrs-89) Marzo 2019

531400 531600 531800 532000

530600

530800

531000

531200

4661800

4661800

4661600

4661600

4661400

4661400

Polígono Industrial das Gándaras

Os Eidos

A-55

FF. CC.

10.168 m²



Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 3 de 11 : POZO NEGRO

Pontevedra Escala 1:2.000 (etrs-89) Marzo - 2019

530600

530800

531000

531200

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



533400 533500 533600 533700

4662500

4662500

4662400

4662400



533400 533500 533600 533700




 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 4 de 11 : PICOZO 1

Pontevedra Escala 1:1.000 (etrs-89) Marzo 2019





MUIÑO DO VENTO
10.309 m²

TRAPA 2
21.384 m²

O Mosteiro

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño, O Porriño

Plano 5 de 11 : TRAPA 2 E MUIÑO DO VENTO

Pontevedra Escala 1:2.000 (etr. 89) Marzo - 2019







531000 531100 531200 531300

4660700

4660600

4660500

4660700

4660600

4660500



 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 6 de 11 : CERQUIDO

Pontevedra Escala 1:1.000 (enrs 89) Marzo - 2.019

531000 531100 531200 531300

533700 533800 533900 534000

4662900
4662800
4662700



 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 7 de 11 : CRUZ

Pontevedra Escala 1:1.000 (etrs.89) Marzo 2019

533700 533800 533900 534000




532000

532100

532200

532300

4662500

4662400

4662300

Campo de Fútbol
de San Salvador de Budiño

11.685 m²

Polígono industrial de A Granxa



Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 8 de 11 : RELOAS

Pontevedra Escala 1:1.000 (etrs. 89) Marzo - 2019



533300

533400

533500

533600

4662900

4662800

4662900

4662800

PO-407

Colexio público
Cruz Budiño

724 m.²

A Cruz



Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 9 de 11 : PICOZO 2

Pontevedra Escala 1:1.000 (etrs-89) Marzo 2019

533300

533400

533500

533600

[Handwritten signatures and official stamps]






 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA


Clasificación dos montes "Casal e outros"

Comunidade de montes de Budiño. O Porriño

Plano 10 de 11 : COTO DE LABRADELAS

Pontevedra Escala 1:1.000 (etrs-89) Marzo - 2.019



[Handwritten signatures and stamps]